

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN **Expte: 1903/1102**

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 20.05.2025 A [REDACTED] o presenta solicitude ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG), de acceso á información pública ao proxecto de construción da Praza do Rei (parcela catastral [REDACTED]) ao obxecto de coñecer as cargas que soporta tras a construción do aparcadoiro subterráneo (ano 1995) e posibles conexións a rede de abastecemento de auga e electricidade.

Previa solicitude, consta no expediente, informe do servizo de transporte, informe da Área de Servizos Xerais, e servizo de arquivo.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información*

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 14:02

Páxina 1 de 7

1903-1102

CSV: [REDACTED]

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que *"A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes*

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 14:02

Páxina 2 de 7

1903-1102

CSV:

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.”

SEGUNDO.- Da solicitude formulada

A solicitante interesa acceso ao proxecto de construción da Praza do Rei (parcela catastral 2662602NG2726S)ao obxecto de coñecer as cargas que soporta tras a construción do aparcadoiro subterráneo (ano 1995) e posibles conexións a rede de abastecemento de auga e electricidade.

Segundo informe do servizo de Transportes e Área de Fomento o proxecto non se atopa nos servizos respectivos.

Segundo informe do aquivo

Coas informacións achegadas polo interesado, e consultadas as bases de datos obrantes no Arquivo municipal, podemos indicar que neste servizo se custodia a seguinte documentación de pode ser do seu interese:

Sinatura	Núm. expediente	Denominación
AMV 9501/2	s/n	Proxecto de urbanización e nivelación da Praza do Palacio Municipal (1972)
NA 23418	13332/422	Licenza de apertura do aparcadoiro público sito na Praza do Rei

Así mesmo, podemos informar da existencia doutra documentación que, aínda que non fai referencia exacta ao obxecto da petición, está intimamente relacionada:

Sinatura	Denominación
AMV 9527/1	Expediente de aprobación do anteproxecto de Palacio Municipal no Castelo de San Sebastián (1971)
AMV 9527/2	Expediente de aprobación do proxecto de Palacio Municipal no Castelo de San Sebastián (1971-1974) (1)
AMV 9528/1	Expediente de aprobación do proxecto de Palacio Municipal no Castelo de San Sebastián (1971-1974) [2]

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 14:02

Páxina 3 de 7

1903-1102

CSV:

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



AMV 9529/1	Expediente de aprobación do proxecto adicional de urbanización do Palacio Municipal no Castelo de San Sebastián (1972)
AMV 9529/2	Expediente de aprobación do proxecto reformado de Palacio Municipal no Castelo de San Sebastián (1976)
AMV 9529/3	Expediente de estado de construción do Palacio Municipal de Vigo (1986)

Así mesmo, respecto ao expte núm 19292/421 a que fai referencia o técnico de arquivo en informe 12.11.2025 faise constar que en dito expediente non consta ningún documento, nin actuación nos termos sinalados no art. 70. 2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común *"Os expedientes terán formato electrónico e formaranse mediante a agregación ordenada de cantos documentos, probas, ditames, informes, acordos, notificacións e demais dilixencias deban integralos, así como un índice numerado de todos os documentos que conteña cando se remita"*.

A LTAIBG establece, en el apartado 2 de su Disposición adicional primera, que "Se regirán por su normativa específica, y por esta Ley con carácter supletorio, aquellas materias que tengan previsto un régimen jurídico específico de acceso a la información.

O réxime xurídico específico de acceso e a información respecto de documentos que integren os arquivos, será o establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español (LPHE), Lei 7/2014 Real Decreto 1708/2011, de 18 de novembro, aplicándose subsidiariamente a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG) en todo aquilo non previsto e que non se opoña á regulación sectorial, de acordo co disposto na Disposición adicional primeira, apartado segundo da LTAIBG (Resolución Consejo Transparencia y Buen Gobierno 940/2024; 942/2024; 1217/2024; 1573/2024; 1623/2024).

Así mesmo, conforme a instrución 1/2026, relativa a tramitación das solicitudes de acceso a documento do arquivo municipal " O acceso a documentos custodiados no arquivo municipal realizárase mediante solicitude e formato físico ou electrónico (https://sede.vigo.org/expedientes//tramites/tramite.jsp?id_tramite=143&lang=ga)".

Toda vez que a información solicitada constitúe información pública nos termos

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2026 14:02	Páxina 4 de 7
1903-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SECRETARÍA GOBERNO LOCAL

Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE VIGO



sinalados no artigo 13 da LTAIBG procede facilitar a información solicitada.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 28.06.2024.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude formulada por Alejandro Rodríguez Leiro comunicándolle que o acceso aos documentos custodiados no arquivo municipal que a continuación se relacionan poderá realizalos mediante solicitude e formato físico ou electrónico

(https://sede.vigo.org/expedientes//tramites/tramite.jsp?id_tramite=143&lang=ga)”.

Sinatura	Núm. expediente	Denominación
AMV 9501/2	s/n	Proxecto de urbanización e nivelación da Praza do Palacio Municipal (1972)
NA 23418	13332/422	Licenza de apertura do aparcadoiro público sito na Praza do Rei

Outra documentación que, aínda que non fai referencia exacta ao obxecto da petición, está intimamente relacionada:

Sinatura	Denominación
AMV 9527/1	Expediente de aprobación do anteproxecto de Palacio Municipal no Castelo de San Sebastián (1971)
AMV 9527/2	Expediente de aprobación do proxecto de Palacio Municipal no Castelo de San Sebastián (1971-1974) (1)
AMV 9528/1	Expediente de aprobación do proxecto de Palacio Municipal no Castelo de San Sebastián (1971-1974) [2]
AMV 9529/1	Expediente de aprobación do proxecto adicional de urbanización do Palacio Municipal no Castelo de San Sebastián (1972)

SECRETARÍA GOBERNO LOCAL

Concellería de SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE VIGO

AMV 9529/2	Expediente de aprobación do proxecto reformado de Palacio Municipal no Castelo de San Sebastián (1976)
AMV 9529/3	Expediente de estado de construción do Palacio Municipal de Vigo (1986)

SEGUNDO.- Dar traslado ao Arquivo Xeral.

TERCEIRO.- Notificar a solicitante indicándolle que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2024 e Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 9.07.2024)

Dou fe, a secretaria

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 14:02

Páxina 7 de 7

1903-1102

CSV:

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>